

Aturuxo 2007



María Mariño por Sabela Rodríguez (1º Bach. A)

ATURUXO 2007 , Revista do IES Terra de Soneira

Equipo de Normalización Lingüística (coordinación)

INDICE

María Mariño: Letras Galegas 2007

- Biografía de María Mariño
- Poemas de María Mariño
- 45 anos das Letras Galegas

Crónica de actividades complementarias e extraescolares

- Alatriste
- Unha mente prodixiosa
- Teatro... ¡en francés!
- Hai un galego na lúa (e ensina galego)
- Viaxe ao outro lado da raia
- Galicia, a forza da palabra
- Vive en defensa do monte galego
- Visita dos alumnos de Tecnoloxía a Negreira
- A viaxe a Lugo
- Entrevista a Agustín Agra

Colaboración literarias e de investigación

- A canción do verán
- Imitación narrativa de Ánxel Fole
- O infinito
- Concurso de relatos breves en castelán
- De ti teño fame
- Un rayo de luz entraba en mi corazón
- A educación das mulleres no pasado
- A muller en España dende o século XX
- Os nosos cogomelos
- Presentación do libro *Rexurdimento das nosas letras*
- Víctor Jara

Lecer

- Tira cómica: O soldado Mongólez
- Pasatempos
- Caricaturas

Orientación

- Probas, probas, probas

Normalización

- Novo Decreto de Normalización Lingüística no ensino
- Resultados da enquisa sociolingüística

Biografía de María Mariño

María Mariño Carou (Noia, 8-6-1907). De familia humilde, deixou moi nova a escola para exercer como costureira. Con todo, entrou en contacto coa literatura na magnífica biblioteca do Pazo de Goiáns, en Boiro, onde morou un tempo cunha súa tía que traballaba na casa como cociñeira. Vive tamén en Algorta (Euskadi) o estou pido da guerra civil.

Finalizada a guerra, contrae matrimonio co mestre compostelán Roberto Posse Carballido. Co seu home volve novamente ao País Basco no curso 1945-46, concretamente a Elantxove (Biscaia), onde nacerá o seu fillo, que faleceu ao mes. No curso 1946-47 trasládanse ao Courel, en Romeor, onde morrerá a súa nai. Estas mortes, unidas aos dos seus irmáns varóns, provocaron na autora unha fonda depresión. En 1947 instálase definitivamente en Parada do Courel, onde a escritora residiría o resto dos seus días.




Fotos de María Mariño en diferentes momentos da súa vida.

En 1953 coñeceu a Uxío Novoneyra, quen se convertería nun forte estímulo para María Mariño comezar a escribir e a través do que superaría o illamento en que vivía, entrando en contacto con outros escritores como Manuel María, Domingo García Sabell, Victoria Armesto ou Ramón Piñeiro.



Cos escritores Manuel María e Uxío Novoneyra na súa casa do Courel.

Entre 1958 e 1963 escribiría o seu primeiro poemario, *Palabra no tempo* (1963). Entre 1966 e 1967, enferma xa de leucemia, escribe *Verba que comenza*, que non vería a luz ata 1990, e que foi publicado polo seu concello natal.



O 18 de maio de 1967 morre en Parada e é soterrada en Seoane do Courel. En 1994 saíra a primeira edición da súa *Obra completa*.

No ano 2007, coincidindo co centenario do seu nacemento e co 40^a aniversario do seu pasamento, dedícaselle o Día das Letras Galegas.

Poemas de María Mariño

De Palabra no tempo

No silencio está o mundo que o peito sinte del.
As cousas todas calan.
Escuitando del o certo mundo que a nós nos vén.

Elas teñen, elas ardan, elas din que de nós son.
E nós temos algo delas, sin saber si é o noso ou non.

1
Eu non sei si xa pasou
ou se inda ten que pasar,
ou si aquilo que eu sentín
non foi sentir, foi soñar.
Vivo no preto quedo
dun lonxano latexar.

2
O silencio das cousas, hoxe,
aboia, aboia en min.
Remos navegan terra ó lonxe,
volvendo as augas cara min.

Oio algo alá mui lonxe e nada del sei decir,
e sin esperar espero para ver si o vexo vir.

Penso si polo arrodeo ou si non sabe o camín
e sin esperar espero para ver o lonxe en min.

Hoxe caeume o ano que a mirada me enturbaba.
Del quedoume sentir, entre o Non e a Esperanza.

Anque agora vexo craro, inda que o sol non anda,
non entendo ben as letras que co pano letreaba...

Somos un ou somos dous ou tantos como en nós temos?
Cada un é o caber dun mundo que non sabemos
si somos ou si el é o que ten e nós mecemos.

45 anos do Día das Letras Galegas

- 2007- María Mariño
2006 - Manuel Lugrís Freire
2005 - Lorenzo Varela
2004 - Xaquín Lorenzo Fernández
2003 - Avilés de Taramancos (Antón Avilés Vinagre)
2002 - Frei Martín Sarmiento
2001 - Eladio Rodríguez
2000 - Manuel Murguía
1999 - Roberto Blanco Torres
1998 - Poetas Medievais da ría de Vigo (Martín Códax, Mendinho e Johan de Cangas)
1997 - Ánxel Fole
1996 - Xesús Ferro Couselo
1995 - Rafael Dieste
1994 - Luís Seoane
1993 - Eduardo Blanco Amor
1992 - Fermín Bouza Brey
1991 - Álvaro Cunqueiro Mora
1990 - Luís Pimentel
1989 - Celso Emilio Ferreiro
1988 - Ramón Otero Pedrayo
1987 - Francisca Herrera Garrido
1986 - Aquilino Iglesia Alvariño
1985 - Antón Losada Diéguez
1984 - Armando Cotarelo Valledor
1983 - Manuel Leiras Pulpeiro
1982 - Luís Amado Carballo
1981 - Vicente Martínez Risco
1980 - Alfonso X o Sabio
1979 - Manuel Antonio
1978 - Antonio López Ferreiro
1977 - Antón Villar Ponte
1976 - Ramón Cabanillas Enríquez
1975 - Xoán Manuel Pintos Villar
1974 - Xoán Vicente Viqueira
1973 - Manuel Lago González
1972 - Valentín Lamas Carvajal
1971 - Gonzalo López Abente
1970 - Marcial Valladares Núñez
1969 - Antonio Noriega Varela
1968 - Florentino López Cuevillas
1967 - Manuel Curros Enríquez
1966 - Francisco Añón
1965 - Eduardo Pondal
1964 - Alfonso Daniel Rodríguez Castelao
1963 - Rosalía de Castro



Alatriste, por Jesús Javier Cernadas (4º ESO B)

O día 13 de outubro os alumnos de 4º da E.S.O. fomos de excursión ao cine á vila de Cee. Marchamos do Instituto ás 9:35 máis ou menos (si, tivemos clase á primeira hora), sen ningún tipo de problema. Despois de media hora de camiño aproximadamente chegamos ao noso destino, Cee, que aínda se estaba a recuperar das riadas sufridas.

Cando chegamos, baixamos do autobús e fomos ao centro comercial. Inmediatamente fomos mercar as bebidas e demais petiscos para a película (por certo, quedaron sen flocos de millo). Unha vez mercadas as “provisións”, entramos na sala para ver a película titulada ALATRISTE, baseada nas novelas de Arturo Pérez Reverte. A película trata sobre os feitos transcorridos en España durante o Século XVII, durante o reinado de Felipe IV. Nela cóntase a historia de Diego Alatriste y Tenorio, chamado Capitán Alatriste, un veterano soldado dos terzos españois en Flandes (Holanda), que malvive como espadachín a soldo en Madrid.



A película comeza durante a guerra en Flandes, na que loita o Capitán Alatriste con moitos dos seus compañeiros. Para todos eles Flandes era un pesadelo, no que perdían a vida milleiros de españois. Moitos dos compañeiros do Capitán tamén perden a súa vida. Un deles, chamado Lope de Balboa déixalle ao cargo a Alatriste a seu fillo Íñigo.

A parte central da película comeza cando os serventes do temible Frai Emilio Bocanegra, pertencente á Santa Inquisición, encomendan a Alatriste e a un asasino a soldo o asasinato de dous ingleses, un dos cales pretendía contraer matrimonio coa irmá do rei Felipe IV. O enlace suporía a unión entre ingleses (considerados herexes) e españois, feito que descontentaba a Emilio Bocanegra. Chegada a noite acordada reuníronse Alatriste e o outro asasino dispostos a levar a cabo a súa misión. Cando viron os ingleses dispuxéronse a atacalos, pero cando un deles pide cuartel para o seu compañeiro Alatriste compadécese e non comete o asasinato, e impide tamén que o faga o outro asasino. Esta é unha parte da longa película, que non vou seguir contando porque desvelaría o seu fin.

A min gustoume a película porque trata temas históricos ocorridos no noso país con gran realismo. O único defecto que, na miña opinión, ten a película é que non garda moita relación co libro, pero polo demais está moi ben .

Cando rematou a película deixáronnos media hora libre para ir onde quixésemos polo centro comercial. Pasada a media hora reunímonos na porta do centro comercial e emprendemos a viaxe de volta. Estaba previsto que chegásemos para as dúas últimas horas de clase, pero cando chegamos a Vilaseco máis ou menos, atopámonos cun

accidente (sen ningún ferido) que nos retivo durante algo máis de media hora. Entre todo iso só podemos chegar a quince minutos da última hora de clase.

Ese foi a nosa primeira excursión do curso, aínda que espero que non a última.

Unha mente prodixiosa




por Jesús Javier Cernadas (4º ESO B)

O día 30 de novembro do 2006, veu ao instituto un home sudamericano chamado Jaime García, unha verdadeira calculadora humana.

Os alumnos de case todos os grupos dos cursos do instituto asistiron ao longo do día á conferencia que este home nos deu.

Cando fomos xunto del explicounos que levaba adestrando o seu cerebro dende moi pequeno, e que sempre lle gustaron moito as matemáticas. Contounnos que un día, cando estaba na escola a súa mestra lles ensinara un instrumento para calcular chamado ábaco. Dixo que, ao rematar aquela clase se entusiasvara co aparello, ata o punto de construír un con tapóns das botellas de cervexa. Explicounos que grazas ao ábaco aprendera moito cálculo mental, pois servía para exercitalo moi ben. Cando rematou a historia amosounos como se utilizaba o ábaco, dixo que ese instrumento podería deixar atrás calquera das calculadoras máis modernas.



e
a

Jaime García posúe actualmente cinco récords mundiais. Algúns deles son: calcular a raíz trece dun número de cen díxitos en 0,15 segundos, a memorización dun número de duascenas vinte cifras cunha soa mirada, o cálculo de calendarios de cen mil anos...

Tamén fixo demostracións de cálculo ante nós. Era capaz de realizar unha operación enorme antes que o mesmo ordenador! Tamén foi capaz de dicir o día da semana no que nacemos, pois tiña memorizados os calendarios de cen mil anos.

Ao día seguinte puidemos mercar algúns dos seus libros, que vendeu ó prezo de 10 €.

Foi unha experiencia moi interesante, pois nunca vira unha persoa capaz de facer algo tan difícil con tanta facilidade e precisión.

Teatro... ¡en francés!, por Jesús Javier Cernadas (4º ESO B)



O 12 de Xaneiro do 2007, para rematar ben a primeira semana do segundo trimestre, os alumnos de francés de 3º e 4º fomos de excursión á Coruña. A saída consistía en ir ver unha obra de teatro en francés: *Le Tour de France... en farces!*.

Sáímos ás 9:35 do centro, despois de rematar a 1ª hora. Subimos no autobús e iniciamos a nosa viaxe, que transcorre sen ningún problema. Chegamos ó IES Cruceiro Baleares ás 11:30 máis ou menos. Esperamos fóra uns 20 minutos (por certo, había moito frío) e despois pasamos a ver a obra.

Esta consistía nunha serie de pezas cómicas en francés, chamadas farsas. Fixeron unhas cinco máis ou menos, algunhas das cales eran difíciles de entender, pola rapidez coa que falaban. Cando entramos no auditorio entraron no escenario os dous actores e a actriz que ían representar a obra de teatro, e explicáronnos que a obra constaría de varias pezas, cuns fragmentos en francés e outros en español, para que a puidesemos entender mellor.

Despois desa explicación comezou a obra. Fixeron varias pezas: unha na que un home descubre que a súa muller lle é infiel, outra na que un home que está baixo as ordes da súa malvada sogra ve como esta cae a un pozo, etc.

Persoalmente a min gustoume, e creo que á maior parte da xente que a viu tamén, porque se escoitaban risas en todo o auditorio.

Unha vez finalizada a obra puidemos preguntar as nosas dúbidas con respecto ás pezas interpretadas. Estiveron contándonos de onde procedían, canto tempo levaban dedicados ó teatro, as horas que lles levaba ensaiar os seus papeis, canto tempo duraban as súas xiras, como se chegaran a coñecer, etc...

Cando rematou a obra deixáronnos media hora libre, para que fosemos tomar algo á cafetería do instituto. Todos fomos facer iso, pois tiñamos fame. Unha vez pasada a media hora, volvemos para o autobús todos xuntos para Vimianzo.

¡Pasámolo moi ben na excursión!

Hai un galego na lúa (e ensina galego), por Iria Domínguez (2º BACH B)

O certo é que aínda non se atoparon mestres de galego na lúa, pero non nos sorprendemos moito menos cando nos fan saber que a materia se imparte en lugares como a Universidade de Oxford no Reino Unido, en Alemaña ou mesmo en Uruguai.

A día de hoxe existen 33 lectores de lingua galega espallados en distintas universidades do mundo. Por países, distribúense deste xeito:

España (10 lectores), distribuídos nas localidades de Barcelona (3), Bilbao, Vitoria, Cáceres, Granada, Madrid, Salamanca e Murcia

Alemaña (4 lectores), en Berlín, Heidelberg, Trier e Tubinga

Reino Unido (4 lectores), en Birmingham, Oxford, Stirling (Escocia) e Bangor (Gales)

Portugal (3 lectores), en Lisboa, Braga e Faro

Brasil (3 lectores), en Río de Janeiro, Salvador de Bahía e Fortaleza.

Francia (2 lectores), en París e Rennes (Bretaña)

Italia (2 lectores), en Roma e Padua

Irlanda (1 lector), en Cork

Polonia (1 lector), en Varsovia

Cuba (1 lector), na Habana

Uruguai (1 lector), en Montevideo

O 15 de xaneiro deste ano 2007 os alumnos de Bacharelato fomos visitados por unha destas mestras que dá clases no estranxeiro, Lorena Suárez Pazos, que ensina en Fortaleza, no Brasil e que jé de Vimianzo! Falounos e deunos os detalles da súa vida alí. “É toda unha experiencia”, asegurou. Lorena comparte casa en Brasil cunha rapaza xaponesa e, segundo ela, na casa falan en galego porque a rapaza está moi interesada en aprendelo. Ambas viven en Fortaleza, que é unha das zonas máis pobres do Brasil, onde a delincuencia e a prostitución están á orde do día. As condicións de traballo onde ela dá clases son, no que a infraestruturas se refire, moi deplorables. Non obstante ela amósase moi contenta cos seus alumnos, di que demostran moito interese. Ten unha media de 15 alumnos de todas as idades que se rin moito de moitas expresións que Lorena lles aprende. Simpatizan co galego. “Levo tres anos e pasaron voando”, asegura.

Consideramos que o labor destes 33 filólogos merece o noso recoñecemento, xa que todos eles constitúen unha campaña de normalización do galego fóra das nosas fronteiras.

Viaxe ao outro lado da raia, por Saleta Ameijeiras (1º BACH A)

Portugal e Galicia. Galicia e Portugal. Dous países separados política e xeograficamente desde os séculos XI-XII, pero que en realidade non son tan diferentes. Quizás pola súa historia (reis e nobres; xogares e trovadores) cultura (cunha lingua que nos unía, a tradición das cantigas, o fado,...) unha historia de varios séculos que chegado o seu tempo, se apagou; pero que permanece gravada nalgún vello e borroso libro nalgún estante encarrunchado dalgunha biblioteca; e que os máis estudosos e entendidos no tema, ou simples curiosos, revisan de cando en vez.


Será por iso, non o sei, polo que no noso instituto tódolos anos as mozas e mozos de primeiro e segundo de Bacharelato viaxamos cos profesores do Departamento de Lingua Galega e Literatura ata Portugal; desta vez, ademais de Teresa e Anxo, acompañounos María Xosé, profesora de filosofía.

Foi o 19 de xaneiro. Ía bo tempo, ¿quen o diría?, en pleno inverno e co Nadal apenas adormecido. Partimos do instituto cara as nove e media da mañá. A viaxe no bus penso que foi bastante amena, e tras unha parada na terra de Rosalía para recargar pilas, retomamos o camiño. Ao chegar a Tui, paramos na vila a visitar a catedral de arte románica (s. XI-XII). Logo da visita, sen esquecermos do claustro e das torres, dende onde podíamos ver o noso país veciño, máis alá do Miño, tivemos tempo libre para tomar algo ou pasear. Pouco despois voltamos ao bus e continuámo-la viaxe. Nada máis cruzar a ponte que nos separaba de Portugal, paramos na cidade da Fortaleza en Valença do Minho. Alí tivemos tempo para comer e visitar a vila, así como tamén comprar as típicas toallas, malia que había algunha que outra obra que non facía moi cómodo o paseo. A cidade é unha zona destinada principalmente ao turismo.



Algumas imaxes de Valença do Minho

A iso das catro collemos de novo o bus para facer xa a última parada antes de voltar a Galicia. Esa parada sería en Viana do Castelo. Unha vila medianamente grande que tiña o máis importante: o centro comercial. Triste é dicilo, pero dunha vez que demos con el, non saímos de alí ata que deron as horas de marchar. Os profes agardábanos na praza de República, e pese a que houbo algún que outro despistado, a cousa non foi a máis, e ao pouco voltamos aos buses.



Igrexa de Santa Luzia, en Viana do Castelao

Xa na ida, paramos para cear en Arcade (vila moi coñecida ultimamente) pois para algúns a noite aínda se estendería ata longas horas da madrugada, e había que recuperar forzas.

Chegamos a Vimianzo a iso da unha e tras deixar aos profes no instituto, leváronnos ata a Praza da Igrexa.

Malia ser un día moi esgotador e intenso, estamos desexando volver para o ano.

Galicia, a forza da palabra,

por Jesús Javier Cernadas (4º ESO B)

O 30 de xaneiro, os alumnos de 4º da ESO fomos de excursión á Coruña, a ver unha exposición na Fundación Caixa Galicia sobre a historia do galego. Titulábase *Galicia, a forza da palabra* e con ela celebrábase o centenario da Real Academia Galega.

Saímos ás 8.45 do instituto, e subimos no autobús. Chegamos á Coruña sobre as dez da mañá máis ou menos. Cando baixamos do autobús dividímonos en dous grupos: un grupo primeiro iría ver a exposición, e o outro primeiro iría dar unha volta pola cidade.

O noso grupo foi coa profesora de tecnoloxía, Ana, mentres que o outro grupo foi coa profesora de galego Teresa. Nós fomos primeiro dar unha volta. Dirixímonos cara ao Concello da Coruña, para poder ver a súas impresionante escaleiras. Cando rematamos de ve-lo concello, volvémonos dividir en outros dous grupos. Uns foron dar unha volta, e os outros fomos ver as murallas nas que loitara María Pita. Cando rematamos de vela fomos comer uns bocadillos, e volvémonos xuntar co outro grupo.

Volvemos ao punto de encontro (na Fundación Caixa Galicia) e intercambiámonos co outro grupo. Cando entramos, unha rapaza díxonos que iamos ver unha exposición sobre a evolución do galego e que ela nos ía guiar.

Entramos nunha das salas na que se ía realizar a exposición. Alí había moitos vestixios da cultura galega, como obxectos relacionados cos celtas, manuscritos de Rosalía de Castro, do seu home Manuel Murguía, mapas de Galicia, bandeiras, e incluso unha camiseta do Celta de Vigo e outra do Deportivo.

EXPOSICIÓN **Galicia, a forza da palabra**

Cando rematamos a visita desa sala, entramos noutra na que había obxectos moi valiosos. Nela había un dos únicos mobles que conservamos pertencente a Rosalía: un escritorio. No moble había un exemplar dunha das súas obras máis coñecidas: *Follas Novas*. Tamén había unha caixa vermella que contiña unhas follas secas e unha mecha do pelo de Rosalía. Alí tamén estaban outros obxectos moi peculiares, como a pucha de Manuel Murguía ou os lentes de Castelao. Na sala había tamén bustos de escritores galegos, e varias mesas nas que se reunían para tratar temas culturais e políticos.

Cando rematamos de ver a exposición fomos a unha sala na que nos pediron que fixemos un cómic, unha representación ou un debuxo sobre os escritores galegos dos que faláramos anteriormente. Desgraciadamente non todos tivemos tempo de rematar.

Na entrada da Fundación Caixa Galicia fixemos unha foto todos os alumnos que fomos á excursión. Unha vez rematada a foto, subimos ao autobús e regresamos. Chegamos a Vimianzo á hora de marchar, e xa subimos nos nosos autobuses.

¡Foi unha experiencia moi interesante!

 **FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**



Vive, en defensa do monte galego, por Saleta Ameijeiras (1º BACH A)

Sabemos todos que o verán pasado, ao igual que outros veráns, pero este foi se cadra aínda máis, tinxiu a verde Galicia, de vermello.

Foron tres longos e duros meses de traballos de extinción que levou a cabo xente especializada, e outra que non era tanto, pero que axudou por propio instinto de supervivencia. Os motivos deste masacre contra a natureza ninguén os sabe ou máis ben ninguén os di; pode que o baixo rendemento dos nosos montes, a ambición das construtoras por ter terreos a baixo custo, temas políticos... parece que nesta terra todo está xustificadísimo....

Pero o peor estaba aínda por vir...As fortes chuvias do outono arrasaría os solos, e a cinza chegaría ata as costas acabando coa riqueza das nosas rías, un dos ecosistemas máis ricos e importantes de Europa... Ao fin e cabo, outra marea negra.

Por todo isto, nace o programa que dá título a esta crónica. Un programa subvencionado pola Xunta, e que se compón de máis de 3000 voluntarios estendidos por toda Galicia (ecoloxistas, capataces forestais...e todos aqueles que queren achegar un gran de area neste longo e eterno mar de cinza que de repite en cada quilómetro da nosa xeografía). Estes voluntarios, encárganse de preservar os solos e recuperar o monte perdido. Unha parte deste programa está destinado aos institutos, a ensinar e concienciar dende as escolas da importancia do monte. É aquí onde entramos nós. Esta parte levouse a cabo en Vilanova de Arousa, no cámping das Sinas; en quenda de catro institutos. A nosa, xunto cos de Negreira, Mondoñedo e Valga, levouse a cabo entre o 5 e o 9 de febreiro. Do noso instituto, fomos os alumnos de bioloxía de primeiro de Bacharelato coa profe Mercedes Varela, quen pescudou acerca do dito programa e se encargou de todos os trámites da viaxe; e Raquel, a secretaria; a nosa fotógrafa particular.

Chegamos ás Sinas cara a unha e media, despois de recoller aos compañeiros de Negreira. Logo, instalámonos e ¡a comer! Aos 80 alumnos que había, dividíronnos en tres grupos: ameneiros, bidueiros e carballos, e así rotariamos as actividades: viveiro (onde aprendemos a facer compós e a estaquillar...), xogo de roll (que nos mostraba as tramas das empresas para acabar co monte...), sendeirismo pola Illa de Arousa (onde vimos composteiros particulares, o asentamento dos liques, os primeiros seres vivos que invadiron a terra, e que sentan as bases para a formación millóns de anos despois, dun solo o suficientemente rico para ter vexetación, vida...), e tamén rutas polas beiras do Río Barosa (onde só por ver a impresionante paisaxe de monte autóctono, merecía a pena...). Pero dado o mal tempo, as actividades retrasáronse e no canto de ir ao monte, concretamente ao Xiabre, onde os voluntarios e monitores estaban traballando, facendo barreiras de contención de solo para evitar a degradación deste, e logo outras actividades para a súa recuperación (sementación de herba mesturada con aserraduras para asegura-lo solo, plantación de pequenos arbustos...); fomos, tamén, de visita a Vilagarcía de Arousa, onde vimos o Centro de Interpretación da Ría de Arousa, e a Cambados. Alí estivemos nunha exposición de arte no centro cultural da vila.

Xa o xoves, o último día, aproveitamos a mañá, desta vez si, para ir ao Monte Xiabre, ver o traballo que outros compañeiros e voluntarios fixeran antes ca nós; posto que non había tempo suficiente para poder realizar os labores previstos. Así, a visita foi moi moi curta, pois tiñamos que subir pronto ao bus. Aínda nos quedaba por visitar a Finca de Lourizán; o maior xardín botánico de Galicia, que serve, tamén, de centro forestal de investigación; e que conta con máis de 500 especies, tanto autóctonas coma exóticas, traídas de lugares tan distantes coma Xapón, Taiwan ou Nova Celandia; ou

outras case desaparecidas, que se remontan a épocas prehistóricas; pero todas elas



mund
xiiu.



Os alumnos en distintos momentos das actividades

Para rematar, só direi que a idea mínima coa que nos debemos quedar é que os montes son nosos, e nós somos os que debemos de coidalos, é parte da riqueza de Galicia, aquilo que nos distingue doutros lugares; e non debemos permitir que ano tras ano, verán tras verán, se estean cometendo auténticas barbaridades, esnaquizando un solo que tardará millóns de anos en volver a rexenerarse. Pero se iso xa non é posible, polo menos que saibamos recuperar un monte queimado, e non estragado máis por ignorancia. E o máis importante, plantar árbores autóctonas (carballos, castiñeiros, teixos, ameneiros, bidueiros...) xa que dada a súa humidade, actúan como cortalumes verdes, ao crear baixo a súa copa un perímetro de humidade, sen maleza, só fungos, apagando así as chispas que puideran impactar contra elas. E se isto aínda non é motivo suficiente, dicir que un dos maiores causantes da gravidade dos incendios que se producen en Galicia é a existencia de tanta árbore foránea (especialmente eucalipto, mimosa, piñeiro...), que o que fan é acelerar o proceso de queima. Ademais estas árbores supoñen un desequilibrio no noso ecosistema, ao non haber seres vivos que se beneficien ou se alimenten destas árbores; por non contar o malignas que son as follas de eucalipto, pois son moi ácidas, desequilibrando o ph do solo.

Por iso, e por moitas cousas máis, dicimos: VIVE, EN DEFENSA DO MONTE GALEGO

Visita dos alumnos de Tecnoloxía a Negreira

por Pablo Antonio Andrade (4º ESO B)

O pasado día 26 de febreiro os alumnos de Tecnoloxía de 4º da ESO fomos de excursión a Negreira. Saímos do instituto ás 8.45 da mañá e regresamos ás 18.30.

O primeiro que fixemos ó chegar a Negreira foi ir ás oficinas da fábrica de pedra Quintáns. Alí déronnos unha benvida con pasteis e bebida, que axiña se acabaron. Ó rematar de comer fomos dereitos á fábrica, onde estivemos cos obreiros e co xefe que nos explicaron como funcionaban as máquinas para cortar a pedra e os discos que se utilizaban.

Logo fomos ó Concello de Negreira, onde nos recibiu o sr. Alcalde, quen nos amosou o seu despacho e as oficinas municipais. Por certo, regalounos unha insignia co escudo de Negreira.



No Concello co alcalde



En Radio Negreira, atendendo ás explicacións

Desde o concello fomos a Radio Negreira. Alí explicáronnos o seu funcionamento e a que horas emitían os seus programas. Non puidemos realizar a entrevista que tiñamos preparada porque o locutor estaba de baixa.

Para rematar a mañá fomos ver a ponte romana de Pontemaceira, sobre o río Tambre, os muíños e os arredores do pazo.

Ó mediodía fomos comer ó restaurante Imperial e alí déronnos moi ben de comer.

Xa pola tarde visitamos a presa Pedro Barrié de la Maza que hai tamén no río Tambre e que ten unha caída libre de 100 metros.

Para finalizar a excursión, visitamos a fábrica de Feiraco. Alí explicáronnos as probas que pasaba o leite antes de chegar ás instalacións e os pasos que sufría antes de ser envasado; tamén nos amosaron o proceso de envasado e agasalláronnos cunha gorra e uns batidos.

Só cómpre dicir que ó vir para Vimianzo no autobús viñemos vendo a película *Buscando a Nemo*



A cidade de Lugo



Castro de Viladonga

A VIAXE A LUGO


O día 17 de Abril realizamos unha viaxe a Lugo. Marchamos moi cedo ás 8:45 h da mañá. Os profesores que viñeron connosco foron: Moncho, Valentín e Chus. A viaxe en autobús levounos dúas horas, e incluso collemos un atasco, cando nos metemos por unha rúa que estaba en obras. Na viaxe puxemos nervioso ao conductor cando cantamos e berramos mogollón !!!!

Cando chegamos a Lugo, un grupo foi o museo e outro foi de compras. No museo fixemos unha serie de rotas, que estaba relacionado cun libro que leramos na clase, ao equipo gañador déronlle un bolígrafo. Tamén baixamos a un sitio no que había casas en ruínas, unha monitora explicounos como era esa casa antigamente. Máis tarde reunímonos na praza Maior. Dende esa hora tivemos tempo libre para comer, facer compras ... Fomos á catedral de Lugo e vimos moitas capelas onde rezaba a xente. Ás 16:00 h collemos o autobús que nos levou ao castro de Viladonga. Primeiro vimos unha reportaxe sobre as escavacións do castro, logo ensinounos unha maqueta do castro e estívonos explicando como vivían os castrexos. De seguido fomos ver o castro e andamos por enriba da muralla que rodeaba o castro.

Un compañeiro que xa realizara a viaxe e que é moi observador non lles deixou falar aos guías e explicounos todo el. Tamén fomos ver ó lique brillante. Cando xa era hora de marchar puxémonos no bus rumbo a Vimianzo ao que chegamos ás 20:30.
PASAMOLO MOI BEN !!!!



Murallas de Lugo




Museo provincial de Lugo

NOELIA GARCÍA COSTA (1ºESO C)
XOÁN ANTELO MOUZO (1ºESO B)
MARTA CASTRO MOUZO (1ºESO A)

Entrevista a Agustín Agra, por Ana García López (2º ESO A)

O pasado 24 de maio o escritor Agustín Agra (*) veu visitarnos ao IES Terra de Soneira. A “excusa” para a súa visita foi que os alumnos de 1º da ESO tiveron como lectura de clase da 3ª avaliación o seu libro *O Tesouro da lagoa de Reid’Is*, co que o autor obtivo o Premio Merlín na súa edición 2006.



No encontro que tivo cos alumnos recibiu preguntas de todo tipo sobre o seu traballo e sobre a súa obra. A continuación ofrecémosvos as que lle contestou a Ana García despois desta charla:

1º) A verdade é que escribir un libro require moito esforzo e poder publicalo é moi complicado, pero máis difícil é conseguir un premio por el. por iso, ¿que sentiu e pensou cando lle deron o premio Merlín por O tesouro da lagoa de Reid’Is?

Creo que quedei fóra de xogo porque me parecía moi serio, moi serio todo o asunto ese de gañar un premio, sobre todo un premio tan importante. En realidade, cando o mandei ó Merlín a miña intención non era gañalo, pensei que iso era imposible. Ademais o libro este era a primeira cousa que facía de literatura infantil, a primeira e a única. En realidade, o conto era para facerlle un regalo a un sobriño, entón, ¿como fas cun neno que ten 10 anos? Imaxínate que tes un relato escrito no ordenador e que o imprimes e son 20 folios a maquina e llo dás a alguén de 10 anos. ¿Lería eso? Pois non, claro. A opción era intentar publicalo, contactar con algunha editorial que fora máis pequena, pero se ti non tes moito nome, ¿non? se só te coñecen catro amigos... Entón dixeran que o máis razoable poda ser mandalo a un premio grande, pero non para gañar senón para ser finalista ou para quedar entre os dez mellores, porque de literatura infantil se publica algo máis. Entón se quedaba aí cerca había opción de publicalo e que o neno o puidese ver publicado. Por iso cando gañei quedei fóra de xogo.

2º) *¿Como se introduciu nese mundo tan fantástico que é a literatura habendo estudado bioloxía?*

Tampouco teño unha resposta así moi clara. O certo é que fixen un listado de escritores que son biólogos e dá así un carro grandísimo. Despois mirei xente de física, de química, de matemáticas e non hai, pero biólogos hai moitos. Non sei se é que iso da bioloxía dá marxe a moita máis imaxinación e que é moi descritiva moitas veces, podes falar de animais, de bichos...

3º) *¿Considera que a xuventude de agora le menos?*

Sempre se di eso e eu non o teño moi claro. É que antes non había libros e se xogaba moito e agora hai máis acceso a libros. Cando digo que non había libros é que non había libros de literatura infantil. O que había era libros máis clásicos adaptados a maioría das veces, pero para máis xuvenil. Para infantil e para idades máis abaixo é que non había absolutamente nada, catro cousas, así que eu aí coloco un interrogante moi grande.

¿Como pensa vostede que se pode fomentar?

Unha das primeiras cousas é dar exemplo. Sempre se di que os nenos non len pero, claro, os maiores tampouco e, sendo moi malos, os profes tampouco. Entón, cando os profes non len e non dan exemplo e non están con libros... Eu sempre levo libros e en clase sempre estou lendo. Cando acabo un exercicio non estou mirando para os biosbardos. Entón os rapaces preguntan: “¿E ti que les?” e chega un momento que vas contactando lectores e te vas intercambiando libros. u moitas veces leo cousas que non me interesan moito pero que si que lles interesan ós meus alumnos. Entón eles me pasan libros. Léoos, comentámolos, móntase un círculo vicioso, eles len cousas que eu leo e viceversa, claro. De todos os alumnos que tes contactas con equis número de xente. Creo que tampouco se trata de que teña que ler todo o mundo, nin moitísimo menos, pero vas collendo lectores e creo que si que os hai.

4º) *Todos os alumnos e alumnas que lemos o seu libro quedamos encantados con el. ¿Ten programado escribir outro?*

Fixen unha segunda parte que ten relación con este e é para dous ou tres anos máis. Este foi a partir de 11 e o outro poida que sexa a partir de 13 e ten un punto de contacto, de relación con este: unha historia sacada de aquí aínda que os personaxes non sexan os mesmos.

5º) *Pasando ó seu libro pódese observar que se trata moito a mitoloxía de Galicia, como os urcos e a Compañía, ¿cal é o seu ser mitolóxico favorito e por que?*

¡Uf! Dificilísimo eso e sobre todo o porqué. Hai moitos seres mitolóxicos que me interesan. Houbo moitas mitoloxías e me interesan moito os mitos nórdicos, dos países escandinavos. Tampouco podería dicir por que exactamente. Se cadra a base de ver películas e de ler libros hai cousas que che chaman máis a atención. Non sei. Pois me gustan moitos os unicornios, por dicir algo. ¿Por que? Ás veces non hai explicacións así moi claras para as cousas ou si as hai, pero hai que intentar pensalas ou razoalas. Igual é que non o teño meditado e non podo dicir “tal cousa” ou “por tal motivo”.

6º) *Unha pregunta que me gustaría formular é sobre qué elementos xeográficos se inspirou para escribir este libro.*

Basicamente, Galicia. Camuflada, pois en vez de poñer os lugares xeográficos concretos nos que me fixen a idea mentres construía a xeografía, pois o que fixen foi cambiarlle os nomes. Entón un sitio que está ó lado do mar é Viladomar, todo xunto. ¿Que sitio? Pois ata certo punto é igual. Pode servir, se cadra, para que calquera persoa que o lea pode imaxinarse se aceptar esa realidade. Ata certo punto cando o texto sae da túa man xa é do lector, pode imaxinarse el o texto como queira. Igual é Muxía ou Camariñas ou é Cee. E dun tipo que sexa de mais abaixo, pois é A Guarda, é Tui. O que el queira.

7º) *¿Cal é o seu personaxe favorito do texto e por qué?*

Difícil, quizais Aldara e está un pouco “bocetado” porque quizais é un desexo non feito realidade e entón o meto como personaxe de ficción que non existe na realidade, porque outros si que existen. E ó mesmo tempo está moi pouco tocado. En literatura hai unha cousa que se chama “horizonte de expectativas”, cando empezas a ler algo e que é o que imaxinas que vai pasar con ese personaxe e con esa historia, e se chega a algún sitio. Entón, creo que é un personaxe que non cumpre esas expectativas que dá e é porque quedou así nun segundo plano porque me podía interesar para unha segunda historia, unha historia centrada nela.

8º) *Unha cousa moi importante na trama do libro é o afundimento de Reid’Is, ¿de onde proviñan os tesouros que se atopaban no fondo?*

Creo que falei diso durante a charla. Son historias que se contan en todos os lados. Eu non sei realmente qué pasou. Imaxino que houbo algunha catástrofe natural nalgún sitio e igual pasaron centos de anos ou centos de miles de anos e é unha historia que se foi espallando e que se perdeu a localización do sitio. Eu creo que todas as cousas mitolóxicas é posible que teñan unha base, entón é posible que acontecese algo, por suposto non tesouros nin princesas, nin tal, e que eso se foi espallando, se formou e agora pois está en todos os lados e en ningún, o cal é marabilloso ata certo punto. Case é un desexo que non apareza ese sitio real porque pode destruír esa mitoloxía construída e, bueno, hai unha cidade asolagada nalgún lado.

9º) *No libro obsérvase que é imprescindible a figura do avó, que mantén entretidos coas súas historias ós seus netos durante todo o verán. ¿Foi para vostede unha figura importante na infancia?*

Si, claro. Ben , a min morreu me o pai con 6 anos e, ó pouco tempo, os meus avós se separaron e meu avó viviu na miña casa. Entón ata certo punto representa esa figura do pai para un neno de 6 anos. Levábame por aí de paseo, de fin de semana, íame buscar á escola, era ese especie de pai pero que sabes que non é o pai. Ese personaxe que ti ves moi mítico, moi grande, moi forte, que conta moitas historias. Ademais o meu avó era moi grande e moi forte. Igual non falaba moito, así coma min, pero estaba sempre contando moi pausado, como moi meditado todo, contaba as súas historias e eso deixa moito campo.

10º) *E chegando á última pregunta, ¿cal considera vostede que o personaxe principal?*

Pois o avó. É o personaxe principal porque é quen conta a historia, quen marca o fio. Despois quen está escoitando, quen repite a historia é Paulo, pero podía ser practicamente calquera. Podíamos cambiar e ser Coque quen escoite ou Aldara, ou calquera outro personaxe, ou o narrador, simplemente, quen escoitou a unha persoa contar esa historia. Pero a base da historia está no avó, quen ten a vivencia, quen ten os coñecementos todos. para min hai tres historias aí: os nenos que chegan, unha segunda historia que é a que el conta que lle pasou de neno e, se cadra, unha terceira historia que é a mitolóxica. Ben a do presente, a do pasado e a do pasado remoto, que é a historia auténtica de Reid'Is, pero que tamén a conta o avó. Entón el é protagonista das tres historias e ningún dos outros personaxes o é, non está nas tres historias.



(*) Agustín Agra Barreiro (Noia, 1966) é licenciado en Bioloxía, profesor desta materia no Instituto de Ensino Secundario Cotarelo Valledor de Vilagarcía de Arousa. Comezou a escribir en 2003, publicando os seus primeiros textos nas revistas *Alameda* do Liceo de Noia e *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar de Noia, colaborando coa Asociación Cultural Barbantia. No ano 2004, gañou o primeiro premio do concurso de narracións curtas Modesto Figueiredo do Pedrón de Ouro con “Os límites do inimaxinable”, obtendo, así mesmo, o primeiro accésit da edición de 2005 con “Na Caeira”. *O tesouro da Lagoa de Reid 'Is* (Xerais 2006), premio Merlín de Literatura Infantil 2006, é o primeiro libro que publica en solitario.

Argumento de *O tesouro da Lagoa de Reid 'Is* : Aldara e Paulo pasan as vacacións de verán cos seus avós na Casa de Outeiro en Viladomar de Cabodomundo. O avó cóntalles a súa aventura na busca dun tesouro fabuloso afundido na lagoa da Praia de Mardefora, á altura da Gran Duna onde hai moito tempo quedara asolagada a cidade de Reid'Is. Aquela montaña de cofres repletos de ouro, diamantes e outras alfaias de valor incalculable, ficara agochada no grandioso pazo do rei e custodiada polos feroces urcos sedentos de sangue e por unha fermosa rapaza de cabeleira vermella, a princesa do lago. Como fixo o avó para baixar á cidade, a capital do Antigo Reino? Conseguiu recuperar algunhas daquelas pezas maravillosas?

Se queres sabelo, hai que lelo!

A CANCIÓN DO VERÁN, por Carolina Ameijeiras (2º BACH B)

Réquiem pola música

Unha vez saín á miña ventá alertada por un ruído certamente molesto que non me permitía concentrarme na lectura na que estaba absorta naquel momento.

Tratábase dunha pelexa de cans. Non paraban de ladrar, de emitir sons ameazantes presas da furia. Tremenda furia canina.

Xusto nese instante de contemplación da violenta e ruidosa disputa animal, sentín chegar ó lonxe outro animalíño (este con roupa) a lomos do seu fiel corcel: unha Derbi de 50 trucada e co tubo de escape coma un queixo “grullère”: rrrrron rotoroforotorronn...

O grotesco barullo dos belixerantes cans e o irritante , traladrante e atronador ruído dunha moto co tubo de escape furado e a “cen por hora”, ó que tamén se uniu para facer a escena máis “apacible” se cabe, o queixoso alarido da señora María, mezzosoprano en potencia:

-¡ Arresentella, ides coma tolos!

Despois, aínda conmocionada pola alborotada e molesta escena volvín entrar. Senteime no sofá e puxen a tele.

No típico programa de variedades estaban a entrevistar a un personaxe pequeno e borrachón convertido, por obra e gracia dunha maxistral composición musical, nunha megaestrela do pop.

-Opá, yo via (....non sei qué blablabla....)

Falaban de que vendera non sei cantos miles de discos, e de que tiña contratados non sei cantos concertos; é dicir, da pasta que se estaba levantando grazas a ese grande éxito.

Non puiden máis ca apagar o televisor e cavilar no que vira. E cavilando cavilando, crin ver unha especie de fábula con moralexa nesa subrealista tarde de xullo.

Vin a algún empresario multimillonario. A algún publicista visionario. A algún perspicaz manipulador de masas cunha grabadora rexistrando todos os ruídos que os meus malogrados tímpanos viñan de escoitar no exterior da miña casa. Vino facendo unha especie de remezcla cos ladridos, a moto e o berro seco da señora María.

Vino repetindo a mesma merda en tódalas cadeas de radio e televisión a todas horas.

Vin o rostro da típica presentadora de magazine pedíndonos “envíe tono, politono o sonitono al 7777 con las palabras *lucha canina*”.

Vin a señora María firmando autógrafos.

Vin a porcos de traxe e garabata con billetes saíndolles polas orellas bailando sobre a tumba dalgún grande músico.

Vin a unha sociedade de consumo calificando como música sons inaudibles.

Vin a un dólar acoitelando un disco dos Scorpions.

Vin a algún produtor frotándose as mans; preparando o incipiente éxito dalgún saltarín “producto” de rizos dourados e potentes cordas vocais.

Vin á música nun ataúde e pensei: “Foron eles. Os que todo o corrompen e matan sempre a maxia do mundo. ¡Foron eles! ¡Malditos! Os cartos matárona. A ignorancia matouna”.

Imitación narrativa de Ánxel Fole, por Félix Capelo (4º ESO A)

José Antonio do francés máis Calros do ghián eran uns homes mui presumidos e mui competidores, pois sempre andaban competindo un contra o outro; xa que un compraba unha moto de cincuenta o outro comprábaa de sento vintecinco, e se un compraba un Llon Der seis mil tresentos des, o outro compraba un seis mil catrosentos e así con todo. Estes tamén competían nos camiños, correduiras... No seu lughar había unha velliña vella chamada Dolores do Sestaio, mui misteriosa ela, vestida sempre de neghro, e que sempre andaba trouleando polos camiños paquí e pacolá tanto de día coma de noite. Hai vesíños do lughar que din que se cando pasas por ela, e esta che erge a cabeza, unha disghrasia estache a punto de pasar.

O día da motofesta, o francés eo ghián foron a ela nas súas motos. Estes anduveron todo o día fasendo trompos, invertidos, caballitos, exprimidas, patinadas... ó caer a noite, cando estes iban pá casa, polo camiño de volta fixeron o último pique do día, e neste viron unha cousa neghra que se movía xunta un arró¹ e, por mor de saber o que era meteron un derrape total...

¿Sabedes o que era??? Era... unha lona do silo colghada nunha silveira!!!!!!

Durante toda a súa traxectoria, Víctor Jara mantívose fiel ao proceso social e político que se viña xestionando en Chile desde a década de 1960 e que culminou co triunfo da Unidade Popular. No marco deste compromiso, en 1973 participa na campaña electoral parlamentaria, realizando concertos a favor dos candidatos da Unidade Popular. O candidato era Salvador Allende [(1908-1973), político chileno, presidente da República (1970-1973), unha das máximas figuras do socialismo democrático mundial durante o século XX]. O 11 de setembro de 1973 dirixiuse á Universidade Técnica do Estado, o seu lugar de traballo, onde cantaríaa na inauguración dunha exposición, desde a cal se dirixiría ao país o Presidente Allende. Víctor foi para difundir a súa protesta e mostrar a súa oposición ao golpe de estado encabezado por Augusto Pinochet. Foi detido tras ser tomado o centro polas tropas, xunto a centos de alumnos e profesores, e conducido ao Estadio Chile (agora chamado Estadio Víctor Jara), onde o torturaron.

Víctor Jara morre asasinado, tras ser torturado e acribillado o 16 de setembro de 1973, poucos días antes de cumprir 41 anos.

Actualmente existe en Santiago a *Fundación Víctor Jara*, institución cultural sen ánimo de lucro fundada pola súa esposa e fillas, cuxo obxectivo principal é difundir a súa vida e a súa obra.

En palabras de Víctor Jara:

“Nuestro deber es luchar segundo a segundo para darle a nuestro pueblo su propia identidad, su identificación con el folclore, que es el lenguaje más auténtico que posee el pueblo y, a través de la canción popular, ayudarle a entender la realidad, la de sus amigos y enemigos y, a través de la música, ayudar a nuestro pueblo a desenmascararlo todo, a transformarlo todo: no con profecías paternalistas, sino junto a ellos”.

Discografía

-“Paloma Quiero Contarte” –a canción que inicia o seu traballo de creación musical e poética- está contida en *Folklore Chileno* (1962).

- *Victor Jara*, o seu primeiro álbum como solista publícase en 1966.

-*Canciones Folkloricas de América*, xunto co grupo Quilapayún sae nese mesmo ano.

- *Pongo en tus Manos Abiertas* (1969).

-*Canto Libre* (1970).

-*El Derecho de Vivir en Paz* (1971).

-*La Población* (1972), álbum de gran beleza e forza poética, converteuno nun dos máximos expoñentes do rexurdimento e a innovación da canción popular en Latinoamérica.

As nosas cancións preferidas de Víctor Jara:

Somos diez mil (1973)

Somos cinco mil aquí
en esta pequeña parte la ciudad.

Somos cinco mil.

¿Cuántos somos en total
en las ciudades y en todo el país?

Sólo aquí,

diez mil manos que siembran
y hacen andar las fábricas.

Cuánta humanidad
con hambre, frío, pánico, dolor,
presión moral, terror y locura.

Seis de los nuestros se perdieron
en el espacio de las estrellas.

Uno muerto, un golpeado como jamás
creí

se podría golpear a un ser humano.

Los otros cuatro quisieron quitarse
todos los temores,

uno saltando al vacío,

otro golpeándose la cabeza contra un
muro

pero todos con la mirada fija en la
muerte.

¡Qué espanto produce el rostro del
fascismo!

Llevan a cabo sus planes con precisión
artera

sin importarles nada.

La sangre para ellos son medallas.

La matanza es un acto de heroísmo.

¿Es este el mundo que creaste, Dios mío?

¿Para esto tus siete días de asombro y de
trabajo?

En estas cuatro murallas sólo existe un
número

que no progresa.

Que lentamente querrá más la muerte.

Pero de pronto me golpea la consciencia
y veo esta marea sin latido

y veo el pulso de las máquinas

y los militares mostrando su rostro de
matrona

llena de dulzura.

¿Y México, Cuba y el mundo?

¡Qué griten esta ignominia!

Somos diez mil manos

menos que no producen.

¿Cuántos somos en toda la patria?

La sangre del compañero Presidente

golpea más fuerte que bombas y
metrallas.

Así golpeará nuestro puño nuevamente.

Canto, qué mal me sabes

cuando tengo que cantar espanto.

Espanto como el que vivo

como el que muero, espanto.

De verme entre tantos y tantos

momentos de infinito

en que el silencio y el grito


son las metas de este canto.


Lo que veo nunca vi.


Lo que he sentido y lo que siento

harán brotar el momento...

© SOLDADO MONGÓLEZ









ZIN

PASATEMPOS
(por Teresa López, 1º BACH B)

1º) XOGOS DE LÓXICA

No número 6 da urbanización “a flipousky” xogan a resolver un crime ficticio. Os sospeitosos son os catro veciños que viven no edificio, que foron interrogados polo que desenvolve o papel do policía. As súas conclusións son:

O veciño que se chama HENRIQUE é un ano maior có que está VIÚVO e, á súa vez, é un ano menor có que é XOIEIRO.

O que representa ao asasino ten un ano máis có COCIÑEIRO.

Se clasificamos os nosos xogadores sospeitosos pola súa idade (de maior a menor), a MIGUEL ANXO séguelle o asasino.

Cando o CASADO teña a idade que agora ten o ESCRITOR, ANXO terá a idade do que é un excelente e cotizado COCIÑEIRO.

O que ten unha xoiería situada na rúa madrileña de Serrano, é o irmán maior da muller de MIGUEL ANXO, María do Mar Carrasqueta, tamén propietaria de devandita xoiería.

O que se chama ALBERTO é un ano menor có que está solteiro, e este di que así quere seguir sempre.

Ao chegar a este punto, xa debes saber que o PINTOR non é o sospeitoso que está divorciado.

¿Saberías dicirme a quen dos catro veciños lle tocou desempeñar o papel de asasino?

2º) *Unha nai escribindo ao seu fillo:*

Querido fillo:

Escríboche estas liñas para que saibas que estou viva.

Escríboche amodo porque sei que ti non podes ler rápido.

Se recibes esta carta é porque che chegou, senón, avísame e mándochá de novo.

Teu pai leu que segundo as enquisas, a maioría dos accidentes ocorren a 1 quilómetro da casa, así que nos mudamos moito máis lonxe; non vas recoñecer a casa, o lugar é fermoso, o clima non é tan malo; a semana pasada só choveu dúas veces, a primeira vez por 3 días e a segunda por 4 días...

Con respecto á chaqueta que querías, teu tío Pepe dixo que se a mandábamcos cos botóns postos, pesaría demasiado e o envío sería moi caro, así que lle quitamos os botóns e puxémolos no peto...

Por fin enterramos ao teu avó; atopamos o seu cadáver co da mudanza, estaba no roupeiro dende o día no que nos gañou xogando ás agachadas...

Cóntoche que o outro día produciuse una explosión na cociña a gas e teu pai e eu saímos disparados polo aire caendo fóra da casa; ¡que emoción!, era a primeira vez que teu pai e eu saíamos xuntos en moitos anos...

Sobre teu pai, ¡que orgullo!, cóntoche que ten un bonito traballo, ten cerca de 500 persoas debaixo súa. El é quen corta a herba no cemiterio.

Túa irmá Xulia, a que casou co seu marido, pariu, pero como aínda non sei de que sexo é, non che sei dicir se es tío ou tía. Se o bebé é unha nena, túa irmá vana chamar coma min. Que raro que queira chamar a súa filla "mamá".

Teu pai preguntoulle á túa irmá Pilar se estaba embarazada, ela díxolle que si, de 5 meses xa; pero teu pai preguntoulle se ela estaba segura de que era dela.

A quen nunca volvemos ver máis por aquí é ó tío Venancio, o que morreu o ano pasado...

O que nos ten preocupados é o teu can Puky, empéñase en perseguir os coches que están parados...

¿Lémbreste do teu amigo Clodomiro?, xa non está máis neste mundo; seu pai morreu hai 2 meses e pediu ser enterrado no lago. Teu amigo morreu cavando a fosa no fondo do lago...

É de risa, teu irmán Juancho cerrou o coche e deixou as chaves dentro. Tivo que volver ata a casa polo duplicado para poder sacarnos a todos do coche...

Ben, fillo, non che poño a miña dirección na carta, porque non a sei. Resulta que a última familia que viviu por aquí levou os números para non ter que cambiar de domicilio.

Túa naia que te quere,

Xosefa

P.D. Íache mandar 1 euro, pero xa cerrei o sobre.

3º) CHISTES

Asalto

O rateiro dille á vítima: -Isto é un atraco, ¡Déame todo o teu diñeiro!

-Óiame, ¿Vostede non sabe con quen está a falar? Son un político moi importante.

-Nese caso, ¡Devólvame todo o meu diñeiro!

Futuro...

Sé bo cos teus fillos, eles elixirán a túa residencia.

Publicidade

Os homes son como a publicidade:

Non se lles pode crer nin o 50% do que din.

Conexión Espiritual

Dúas monxas eran moi amigas. Un día tiveron que separarse para axudar aos nenos pobres. Unha foise a África, a outra a Sudamérica. ¿Como se chamaban as monxas?

Por teléfono

Adiviña...Adiviñanza

O que o fai véndeo, o que o compra non o usa nunca e o que o usa nunca o ve. ¿Que é?

Un ataúde

A Velocidade do Son

O piloto dun avión supersónico que vai a varios puntos por enriba da velocidade do son, ¿oe o ruído do motor de seu avión? ¿oe algún ruído?

Porcentaxes

Pódese asegurar que de cada 10 persoas, 5 son a metade.

¿A seguinte...?

Nas vodas, todas as miñas tías e señoras maiores arrimábanseme, picándome entre risos, para dicirme:

-O seguinte es ti ¿non?...

Deixaron de amolar despois de que eu lles empezase a facer o mesmo nos funerais...

Aforrando tempo

Primeira regra da bricolaxe: se está feito cómprao.

En memoria de...

Sempre quixen ser o primeiro. (Xoán Paulo II)

Cuestión de números

Hai tres tipos de persoas: as que saben contar e as que non.


Inmadurez

¿Cal é o gran misterio do home?

Como pode envellecer e seguir sendo inmaduro.



Caricaturas ¿anónimas?



PROBAS, PROBAS, PROBAS,!, por Mónica Diz Besada (Orientadora)

Neste curso, no Departamento de Orientación queremos lembrar, a través desta prestixiosa revista, que existen múltiples vías de acadar títulos ou acceder a determinados estudos. Por suposto, a principal vía é a de cursar os estudos requiridos para entrar na titulación. Pero hai outra, que vos pode interesar no caso de que non teñades eses estudos requiridos. Estou falando das probas de acceso ou de acreditación de estudos.

Pero quero deixarche claro que a mellor maneira de ter éxito, nesas probas ou nos estudos que vaiades a facer despois, é realizando os estudos previos requiridos. Se non tes unha base formativa adecuada, as dificultades que se che van a presentar despois poden chegar a ser demasiado grandes.

Lembra! A formación cultural e técnica que vas a acadar cursando a Educación Secundaria, o Bacharelato ou un Ciclo Formativo, non a poderás obter por moito que te prepares para unha proba.

Pero se non acadaches os estudos necesarios, ***non te peches portas***, téntao por esta vía.

Aquí tes pois unha ampla reportaxe das principais probas que che poden interesar, tanto se estás na ESO, coma nun Programa de Garantía Social, na Educación de Adultos, nos ciclos de Formación Profesional ou no Bacharelato.

PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO

EN QUE CONSISTEN?

Se non acadaches o título da ESO pola vía ordinaria ou por adultos e desexas acceder a un ciclo de formación profesional de grao medio podes presentarte a unha proba, que unha vez superada, obtés un certificado que che permite o acceso a calquera ciclo de grao medio.

QUE REQUISITOS HAI QUE CUMPRIR?

- O máis importante, e que teñas cumpridos os 17 anos ou os vaias a cumprir no ano natural en que se celebra a proba (é dicir, se cumpres os 17 en Decembro do mesmo ano da proba, tamén podes presentarte).
- Tamén poden presentarse as estas probas aquelas persoas que teñan superado un Programa de Garantía Social aínda que non teñan os 17 anos.
- Que non posúas o título de ESO.

QUE TRAMITES TEÑO QUE REALIZAR?

- Nos prazos que se determinen (1ª metade de maio) deberás presentar unha solicitude para participar na proba, no propio centro onde esteas estudando, e se estás desescolarizado, en calquera centro onde se imparta Formación Profesional.
- Esta solicitude a podes pedir en calquera centro de ensino secundario.
- Xunto coa solicitude terás que entregar unha fotocopia do DNI.
- Unha vez feita esta inscrición só tes que estar pendente das datas, horarios e lugar das probas. Normalmente se celebran no mes de xuño, en horario de mañá e nos IES asignados (dependerá do centro onde entregaras a documentación).

EN QUE CONSISTE A PROBA?

Consistirá en dúas partes:

1ª Parte: de contidos de tipo sociocultural (con exercicios sobre contidos de Lingua e Literatura Española, de Lingua e Literatura Galega e de Ciencias Sociais).

2ª Parte: de contidos de tipo científico – técnico (con exercicios sobre contidos de Matemáticas e Tecnoloxía).

QUE NOTA HAI QUE ACADAR?

Para a superación da proba hai que acadar unha cualificación de 5 como media en ámbalas dúas partes. Para poder facer a media hai que acadar un catro como mínimo en cada parte (sociocultural e científico – técnica).

CANTAS VECES ME PODO PRESENTAR Á PROBA?

Tantas veces como o desexes, tendo que realizala completa de cada vez. Unha vez superada deberás estar pendente dos resultados no centro onde a realizaches, e se a superaches podes solicitar a acreditación que certifica que tes superada dita proba. Normalmente hai unha convocatoria en xuño e outra en setembro.

COMO SOLICITO PRAZA NO CICLO?

Xa comentamos antes que podes acceder a calquera ciclo de grao medio que ti escollas. Coa acreditación (que che facilitarán no centro onde realizaches a proba) deberás solicitar praza e matricularte nos ciclos nos mesmos prazos que para o resto.

EXEMPLOS DE EXAMES:

Podes consultar no Departamento de Orientación ou directamente na páxina de internet da Consellería os exames dos últimos anos: www.edu.xunta.es/fp (busca en probas).

PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA (POR LIBRE)
--

EN QUE CONSISTEN?

Se non acadaches o título de educación secundaria pola vía ordinaria ou por adultos, podes acadalo superando unha proba que se convoca anualmente, no mes de xuño e setembro.

QUE REQUISITOS HAI QUE CUMPRIR?

- Deberás ter cumpridos os 18 anos no ano anterior ó que se celebran as probas (é dicir, para as probas deste ano, deberase ter cumpridos os 18 no 2006).
- Non posuír o título de ESO ou superior.

QUE TRÁMITES TEÑO QUE REALIZAR?

- Deberás entregar unha solicitude de matrícula para a proba, a fotocopia do DNI e unha certificación de áreas superadas de 4º de ESO (se é que tes algunha superada), no instituto. Pódeste informar a través da prensa ou no centro onde estudies.
- A solicitude a podes conseguir en calquera instituto.
- Unha vez matriculado deberás estar pendente das datas, horarios e centros onde se realicen os exames.
- Sobre os prazos de inscrición na proba e das datas dos exames debes preguntar no instituto. Normalmente hai unha convocatoria en xuño e outra en setembro. No 2007 a

inscrición é do 15 ao 25 de maio (para a convocatoria de xuño), e do 3 ao 5 de setembro (para a convocatoria de setembro).

EN QUE CONSISTEN OS EXAMES? Terá tres partes:

- **Grupo lingüístico:** comprenderá exercicios de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, e lingua estranxeira.
- **Grupo científico-tecnolóxico:** comprenderá exercicios matemáticas, ciencias da natureza, e tecnoloxía.
- **Grupo de ciencias sociais:** exercicios de ciencias sociais, xeografía e historia, música e educación plástica e visual.

CANTAS VECES ME PODO PRESENTAR ÁS PROBAS?

Tódalas veces que o desexes, tanto na convocatoria de xuño como na de setembro.

Se superas algunha área, resérvase a nota, de xeito que non terás que volver a examinarte das áreas superadas.

Tamén debes saber que se tes superado algún grupo de áreas de 4º de ESO, quedarás libre de examinarte nese grupo, tal e como se sinala no seguinte cadro:

GRUPO LINGÜÍSTICO	- Lingua galega e literatura - Lingua castelá e literatura - Lingua estranxeira
GRUPO CIENTÍFICO – TECNOLÓXICO	- Matemáticas - Física e Química - Bioloxía e Xeoloxía
GRUPO DE CIENCIAS SOCIAIS	- Ciencias Sociais, Xeografía e Historia - Educación Plástica e Visual - Música

E DESPOIS DA PROBA?

Se a superas serás proposto para a expedición do título de Educación Secundaria Obrigatoria no centro onde realizaras as probas, e por suposto terás acceso directo a Ciclos Formativos de Grao Medio ou ó Bacharelato.

EXEMPLOS DE EXAMES: Consulta no Departamento de Orientación.

PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR
--

EN QUE CONSISTEN?

Se non acadaches o título da BACHARELATO, ou realizaches un CICLO DE GRAO MEDIO e desexas acceder a un ciclo de Formación Profesional de Grao Superior podes presentarte a unha proba, que unha vez superada, obtés un certificado que che permite o acceso a determinados ciclos de grao superior.

QUE REQUISITOS HAI QUE CUMPRIR?

- Cumprir 19 anos antes de que remate o ano en que se celebran as probas.
- Para os que teñan un ciclo de grao medio da mesma familia profesional do ciclo superior ao que desexen acceder é suficiente con cumprir 18 anos antes de que remate o ano en que se celebran as probas seo 2007.

QUE TRAMITES TEÑO QUE REALIZAR?

- Nos prazos que se determinen (este ano foron na segunda metade de Abril) deberás presentar unha solicitude para participar na proba, no propio centro onde esteas estudiando, e se estás desescolarizado, en calquera centro onde se imparta Formación Profesional.
- Esta solicitude a podes pedir en calquera centro de ensino secundario.
- Xunto coa solicitude terás que entregar unha fotocopia do DNI.
- Unha vez feita esta inscrición só tes que estar pendente das datas, horarios e lugar das probas. Normalmente se celebran no mes de maio, en horario de mañá e tarde e nos IES asignados (dependerá do centro onde entregaras a documentación).

EN QUE CONSISTE A PROBA?

Consistirá en dúas partes:

- Parte xeral - común: lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura, lingua estranxeira (inglés ou francés), e matemáticas.
- Parte específica: o aspirante elixirá a opción que lle permita o acceso ao ciclo formativo que desexe cursar. É dicir, matricularaste no exame ou exames das materias que che dean acceso ao ciclo superior ao que desexes acceder. Normalmente hai que examinarse de unha, dúas ou tres materias (dependendo do ciclo).
Queda claro que no momento da inscrición na proba debes ter decidido o ciclo ou ciclos superiores aos que desexas acceder no caso de superala.
Os contidos destes exames pertencen as materias de 2º de Bacharelato.

QUE NOTA HAI QUE ACADAR?

A nota será a media da nota da parte común e a nota da parte específica.

- Parte xeral - común: será a media da nota dos exames da parte lingüística coa nota do exame de matemáticas. Hai que acadar un catro como mínimo.
- Parte específica: nota do exame ou media no caso de ser máis de un exame. Hai que acadar un catro como mínimo.

É preciso acadar unha nota media de 5 entre a parte xeral e a parte específica para superar a proba. Pero para facer o cálculo da nota media é preciso acadar como mínimo un catro en cada parte.

CANTAS VECES ME PODO PRESENTAR Á PROBA?

Tantas veces como o desexes, tendo que realizala completa de cada vez. Unha vez superada deberás estar pendente dos resultados no centro onde a realizaches, e se a superaches podes solicitar a acreditación que certifica que tes superada dita proba. Non se celebra ningunha convocatoria en Setembro, coma noutras probas.

COMO SOLICITO PRAZA NO CICLO?

De superar a proba obterás un certificado que che permitirá o acceso a determinados ciclos de grao superior. Con este certificado deberás solicitar praza e matricularte nos ciclos de grao superior nos mesmos prazos que para o resto.

En cada ciclo superior resérvase un número de prazas para o alumnado que desexe acceder mediante proba. Para o acceso valorarase a nota acadada na proba.

EXEMPLOS DE EXAMES:

Podes consultar no Departamento de Orientación ou directamente na páxina de internet da Consellería os exames dos últimos anos: www.edu.xunta.es/fp (busca en probas).

PROBAS LIBRES PARA ACADAR O TÍTULO DE TÉCNICO, TÉCNICO SUPERIOR, OU MÓDULOS SOLTOS

Existe a posibilidade de acadar un título de técnico (Ciclo de Grao Medio de FP) ou técnico superior (Ciclo de grao superior de FP) mediante a superación de probas libres, aínda que tamén te podes presentar para acadar a superación dun módulo pertencente a un ciclo concreto. É dicir o carácter modular das probas permite que poidas optar polos módulos profesionais que sexan do teu interese. Unha vez superados os exames, poderás obter o título ou unha acreditación dos módulos superados.

- **CONVOCATORIA:** alomenos unha vez en cada curso, realizaranse nos centros onde se impartan as ensinanzas obxecto de exame. No ano 2007 realizouse unha convocatoria no mes de Febreiro.
- **REQUISITOS DOS ASPIRANTES:** Ter 18 anos para CM ou 20 para CS e cumprir **algún** dos requisitos seguintes:
 - a) Acreditar experiencia laboral de alomenos dous anos, relacionada co sector productivo do ciclo formativo ao cal pertenza o módulo.
 - b) Acreditar que o interesado superou algún módulo ou materia das ensinanzas profesionais relacionadas co sector da familia profesional correspondente.

Para acadar finalmente o título deberase acreditar tamén que se teñen os estudos que permiten o acceso aos ciclos (ESO / Bacharelato) ou que se superou a proba de acceso a ciclos.

- **INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA:** durante un curso o aspirante non poderá estar matriculado nun ciclo e simultaneamente nas probas libres dese ciclo ou dalgúns dos seus módulos, polo que de ser o caso deberá darse de baixa antes de se inscribir nas probas. Tampouco poderá matricularse nas probas para o mesmo ciclo en máis dun centro. A inscrición realizarase no 1º trimestre e as probas entre o 2º e 3º trimestres. O proceso realízase nos Centros Integrados de Formación Profesional.
- **ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA LABORAL:** Os aspirantes que a través das aprendizaxes non formais (por exemplo: Cursos de Formación Ocupacional) ou de experiencia laboral, consideren que teñen adquiridas as competencias profesionais dalgún módulo, poden solicitar a súa validación e o seu recoñecemento no momento de realizar a matrícula. É dicir, algúns módulos poden ser acreditados por formación ocupacional ou práctica laboral. Estas acreditacións son acumulables e o alumno pode chegar a completar o ciclo deste xeito. Recibirá unha certificación dos módulos acreditados.
- **CONTIDO DAS PROBAS:** Axustarase aos currículos dos ciclos formativos de FP vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia. As probas incluírán contidos teóricos e prácticos.

- **VALIDACIÓN DO MÓDULO DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO (FCT):** Segue os mesmos criterios que para os alumnos que cursan ciclos polo réxime presencial. Non caso de non validarse deberase realizar de xeito presencial nunha empresa, e para poder facelo haberá que ter superados tódolos módulos do ciclo. Poderá matricularse do módulo de FCT en calquera centro que imparta o ciclo.
- **TITULACIÓN:** Para acadar o título oficial do ciclo deberanse superar tódolos módulos incluído o de FCT.
- **MÁIS INFORMACIÓN:** www.edu.xunta.es/fp

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA MAIORES DE 25 ANOS

Pois si, tamén podes acceder a estudos universitarios sen ter a titulación requirida (Bacharelato ou Ciclo Superior) superando unha proba de acceso para maiores de 25 anos.

- Esta proba celébrase tódolos anos no mes de Marzo ou Abril, tendo que realizar a matrícula na proba en febreiro. Os exames son na Universidade de Santiago.
- A proba é moi parecida á de Selectividade que fan os alumnos de 2º de Bacharelato, e comprende os seguintes exames:

PARTE COMÚN:

1º Exercicio: Comentario dun texto ou desenvolvemento dun tema xeral de actualidade.

2º Exercicio: Lingua estranxeira.

3º Exercicio: Análise e comprensión dun texto en Lingua Castelá.

4º Exercicio: Análise e comprensión dun texto en Lingua Galega.

PARTE ESPECÍFICA:

Existen 5 opcións, que se corresponde coas vías de bacharelato. Ti deberás matricularte nunha opción ou outra segundo a carreira ou carreiras ás que desexas acceder. En cada unha das opcións terás que realizar 3 exames.

- Podes prepararte para esta proba na Universidade a Distancia (UNED). Na UNED ofertan un curso, que dura un ano, para preparar esta proba. Existe UNED en Coruña, ou podes consultar a web: www.uned.es.
- A superación desta proba permíteche o acceso a determinadas Titulacións Universitarias (segundo os exames que realizaras na parte específica). E ademais podes acceder a un Ciclo Formativo de Grao Superior sen ter que realizar a Proba de acceso a ciclos.
- Se desexas máis información podes consultar a seguinte web: www.ciug.cesga.es (aquí hai un apartado específico denominado “Maiores de 25 anos”).

E por suposto, podes acudir ao Departamento de Orientación para pedir a información que precisas acerca de todas estas probas.

Normalización Lingüística

Este ano 2007 entrou un vigor un novo Decreto dobre Normalización Lingüística no ensino, do que extraemos aquelas artigos máis interesantes:

DECRETO POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 3/1983, DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO NO ENSINO, NO MARCO DA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Introdución

A lingua constitúe un elemento básico de identidade cultural e representa un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade.

O artigo 3 da *Constitución* establece a cooficialidade do galego xunto co castelán, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O *Estatuto de Autonomía de Galicia*, no seu artigo 5, define ao galego como lingua propia de Galicia. Así mesmo establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, en consonancia coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantizará a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais, nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, se pronuncia a Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992, ratificada polo goberno do Estado Español en 2001.

O *Plan xeral de normalización da lingua galega*, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins cómpre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios.

Neste senso é preciso reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitar ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, respectando ao mesmo tempo a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

Artigo 2.- Uso da lingua galega na administración educativa.

1.- A Administración educativa de Galicia, os centros de ensino dela e o persoal ao seu servizo, utilizarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito tanto nas súas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

2.- Os documentos administrativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións e dos centros de ensino dependentes dela redactaranse, con carácter xeral, en galego, e neles constará o nome do centro e o topónimo do concello ou entidade de poboación na súa forma oficial.

3.- As actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes, tales como actas, comunicados e anuncios, redactaranse, con carácter xeral, en galego. Tamén se redactarán en galego os procedementos tramitados a petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5.- Horario da lingua galega.

1.- Nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei Orgánica 2/2996, do 3 de maio, de educación, asignarase globalmente o mesmo número de horas o ensino da lingua galega e da lingua castelá.

2.- Nas clases de lingua galega e literatura e lingua castelá e literatura, usarase respectivamente o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como parte do alumnado.

Artigo 8.- Educación Secundaria Obrigatoria.

1.- Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: **ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía**. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en **bioloxía e xeoloxía** por un lado, e **física e química** por outro, ambas as dúas materias se impartirán en galego.

2.- Ademais das materias establecidas no apartado anterior, o consello escolar a proposta vinculante do claustro completará o número de materias, excluída a materia que a LOE determina que ten carácter voluntario para o alumnado, que garantan que como mínimo o cincuenta por cento da docencia se imparta en galego en cada un dos cursos desta etapa.

3.- A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia en lingua galega que repercuta de forma positiva no seu uso.

Artigo 9.- Bacharelato.

Polo que respecta as ensinanzas de bacharelato especificarase na normativa que desenvolva a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación as materias que deberán impartirse en galego garantindo que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da súa docencia en galego.

Artigo 10.- Formación Profesional específica.

Na formación profesional específica de grao medio e superior **impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección**, oídos os departamentos da familia profesional aos que pertenza o ciclo, que deberán supoñer, como mínimo, que o alumnado reciba un cincuenta por cento da súa docencia en galego.

En todos os módulos garantírase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega.

Artigo 11.- Ensinanzas de adultos.

1.- Nas ensinanzas de adultos nos niveis I e II impartirase en galego, como mínimo, o cincuenta por cento da docencia; no nivel III (ESO) e no bacharelato as ensinanzas impartiranse integramente en galego agás as materias doutras linguas.

Introdución

Coas novas perspectivas de traballo que abre este Decreto, o ENL do IES Terra de Soneira elaborou e realizou no 3º trimestre deste curso académico 2007-2008 unha Enquisa Sociolingüística destinada a toda a comunidade educativa (alumnos/as, pais/nais e profesores/as) que perfilase claramente cuál era a realidade sociolingüística do noso centro e que servise como Documento de traballo para empezar a traballar no vindeiro curso 2007-2008 nun novo contexto.

A totalidade desta Enquisa foi divulgada no noso centro a través de paneis informativos expostos nos corredores e só ofrecemos aquí un pequeno resumo dos datos totais obtidos, así como unha pequena comparativa de datos das moitas que se poderían facer coa información de que agora dispoñemos.

.Queremos deixar aquí constancia do noso agradecemento a todo o alumnado e profesorado que se implicou na realización deste traballo, especialmente aos alumnos e compañeiros que forman parte do Equipo de Normalización Lingüística, que se ocuparon da síntese dos datos, e á profesora Ana Penedo, quen xestionou admirablemente toda a información recollida para ofrecérnola en gráficos e táboas que a fan moito máis clara e atractiva.

A todos eles, graciñas.

Enquisa sociolingüística para alumnas / os

1º) ¿En que lingua aprendiches a falar?

- a) galego
- b) castelán
- c) galego e castelán
- d) outras

2º) ¿Que lingua usas habitualmente (familia, amigos, etc.)?

- a) galego
- b) castelán
- c) outras

3º) ¿Que che parece que se potencie o uso do galego?

- a) ben
- b) indiferente
- c) mal

4º) ¿Como cres que debería ser o modelo lingüístico no ensino?

- a) o mesmo número de horas en galego que en castelán (que son os mínimos que esixe a lexislación)
- b) máis horas en galego que en castelán
- c) máis horas en castelán que en galego

5º) ¿En que lingua che gustaría que se dirixisen a ti os profesores?

- a) galego
- b) castelán
- c) indiferente

6º) Na túa opinión, o tema da lingua é:

- a) importante
- b) pouco importante
- c) nada importante

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

DATOS TOTAIS DE ALUMNOS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	278	29	74	25
PREGUNTA 2	356	33	15	
PREGUNTA 3	329	66	11	
PREGUNTA 4	246	130	29	
PREGUNTA 5	203	24	177	
PREGUNTA 6	315	77	14	

PORCENTAXES TOTAIS DE ALUMNOS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	68,47%	7,14%	18,23%	6,16%
PREGUNTA 2	88,12%	8,17%	3,71%	
PREGUNTA 3	81,03%	16,26%	2,71%	
PREGUNTA 4	60,74%	32,10%	7,16%	
PREGUNTA 5	50,25%	5,94%	43,81%	
PREGUNTA 6	77,59%	18,97%	3,45%	

NÚMERO TOTAL DE ALUMNOS

406

Enquisa sociolingüística para nais /pais

1º) ¿En que lingua aprendeu a falar?

- a) galego
- b) castelán
- c) galego e castelán
- d) outras

2º) ¿Que lingua usa habitualmente (traballo, amigos, etc.)?

- a) galego
- b) castelán
- c) outras

3º) ¿En que lingua fala cos seus fillos?

- a) galego
- b) castelán
- c) outras

4º) En liñas xerais, cambia vostede de idioma (de galego a castelán ou de castelán a galego) segundo a lingua en que lle falen?

- a) si
- b) non

5º) ¿Que che parece que se potencie o uso do galego?

- a) ben
- b) indiferente
- c) mal

6º) ¿Como cre que debería ser o modelo lingüístico no ensino?

- a) o mesmo número de horas en galego que en castelán (que son os mínimos que esixe a lexislación)
- b) máis horas en galego que en castelán
- c) máis horas en castelán que en galego

7º) Na súa opinión, o tema da lingua é:

- a) importante
- b) pouco importante
- c) nada importante

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

DATOS TOTAIS DE PAIS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	157	10	19	3
PREGUNTA 2	156	9	22	
PREGUNTA 3	178	8	4	
PREGUNTA 4	118	71		
PREGUNTA 5	134	46	7	
PREGUNTA 6	116	42	29	
PREGUNTA 7	159	27	1	

PORCENTAJES TOTAIS DE PAIS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	83,1%	5,3%	10,1%	1,6%
PREGUNTA 2	83,4%	4,8%	11,8%	
PREGUNTA 3	93,7%	4,2%	2,1%	
PREGUNTA 4	62,4%	37,6%		
PREGUNTA 5	71,7%	24,6%	3,7%	
PREGUNTA 6	62,0%	22,5%	15,5%	
PREGUNTA 7	85,0%	14,4%	0,5%	

NÚMERO TOTAL DE ENQUISAS

187

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

DATOS TOTAIS DE NAIS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	160	16	23	6
PREGUNTA 2	167	9	24	
PREGUNTA 3	191	15	6	
PREGUNTA 4	130	75		
PREGUNTA 5	158	39	6	
PREGUNTA 6	132	37	35	
PREGUNTA 7	185	18	2	

PORCENTAJES TOTAIS DE NAIS

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D
PREGUNTA 1	78%	8%	11%	3%
PREGUNTA 2	84%	5%	12%	
PREGUNTA 3	90%	7%	3%	
PREGUNTA 4	63%	37%		
PREGUNTA 5	78%	19%	3%	
PREGUNTA 6	65%	18%	17%	
PREGUNTA 7	90%	9%	1%	

NÚMERO TOTAL DE ENQUISAS

205

Enquisa sociolingüística para profesoras / es

1º) ¿A que ámbito de coñecemento pertence a materia que imparte no IES Terra de Soneira?

- a) Científico-tecnolóxico
- b) Humanístico-artístico
- c) Electricidade e electrónica
- d) Administrativo
- e) Ciencias da saúde

2º) ¿En que lingua aprendeu a falar?

- a) galego
- b) castelán
- c) galego e castelán
- d) outras

3º) ¿Que lingua usa habitualmente (familia, amigos, etc.)?

- a) galego
- b) castelán
- c) as dúas

4º) ¿En que lingua imparte docencia no IES Terra de Soneira?

- a) galego
- b) castelán
- c) as dúas
- d) outras

5º) ¿Que grao de coñecemento de galego ten vostede (tanto de comprensión como de expresión)?

- a) moi bo
- b) bastante bo
- c) deficiente

6º) No caso de impartir a docencia en castelán, ¿que grao de dificultade considera que tería para impartila en galego?

- a) moita dificultade
- b) pouca dificultade
- c) ningunha dificultade

7º) No caso de querer impartir docencia en galego, cre que presentaría dificultades atopar materiais (libro de texto, recursos didácticos etc.) nesta lingua?

- a) si
- b) non
- c) non teño datos ao respecto

8º) ¿Como cre que debería ser o modelo lingüístico no ensino?

- a) o mesmo número de horas en galego que en castelán (que son os mínimos que esixe a lexislación)
- b) máis horas en galego que en castelán
- c) máis horas en castelán que en galego

9º) Na súa opinión, o tema da lingua é:

- a) importante
- b) pouco importante
- c) nada importante

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

DATOS TOTAIS DE PROFESORAS/ES

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D	RESPOSTA E
PREGUNTA 1	10	23	3	4	6
PREGUNTA 2	14	24	7	2	
PREGUNTA 3	14	20	14		
PREGUNTA 4	26	16	4	2	
PREGUNTA 5	10	28	10		
PREGUNTA 6	12	12	6	18	
PREGUNTA 7	16	17	4	11	
PREGUNTA 8	23	14	10		
PREGUNTA 9	32	15	1		

PORCENTAXES TOTAIS DE PROFESORAS/ES

	RESPOSTA A	RESPOSTA B	RESPOSTA C	RESPOSTA D	RESPOSTA E
PREGUNTA 1	20,8%	47,9%	6,3%	8,3%	12,5%
PREGUNTA 2	29,2%	50,0%	14,6%	4,2%	
PREGUNTA 3	29,2%	41,7%	29,2%		
PREGUNTA 4	54,2%	33,3%	8,3%	4,2%	
PREGUNTA 5	20,8%	58,3%	20,8%		
PREGUNTA 6	25,0%	25,0%	12,5%	37,5%	
PREGUNTA 7	33,3%	35,4%	8,3%	22,9%	
PREGUNTA 8	47,9%	29,2%	20,8%		
PREGUNTA 9	66,7%	31,3%	2,1%		

NÚMERO TOTAL DE ENQUISAS

48

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

¿Que lingua usa habitualmente?

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
GALEGO	356	14	167	156
CASTELÁN	33	20	9	9
OUTRAS	15	14	24	22

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

¿Que lingua usa habitualmente?

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
GALEGO	88,1%	29,2%	83,5%	83,4%
CASTELÁN	8,2%	41,7%	4,5%	4,8%
OUTRAS	3,7%	29,2%	12,0%	11,8%

¿Como cre que debería ser o modelo lingüístico no ensino?

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
50% - 50%	246	23	132	116
Máis galego	130	14	37	42
Máis castelán	29	10	35	29

¿Como cre que debería ser o modelo lingüístico no ensino?

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
50% - 50%	60,7%	48,9%	64,7%	62,0%
Máis galego	32,1%	29,8%	18,1%	22,5%
Máis castelán	7,2%	21,3%	17,2%	15,5%

Na súa opinión, o tema da lingua é:

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
Importante	315	32	185	159
Pouco importante	77	15	18	27
Nada importante	14	1	2	1

Na súa opinión, o tema da lingua é:

	ALUMNADO	PROFESORADO	NAIS	PAIS
Importante	77,6%	66,7%	90,2%	85,0%
Pouco importante	19,0%	31,3%	8,8%	14,4%
Nada importante	3,4%	2,1%	1,0%	0,5%

De Verba que comeza

Son a suma total
daquel que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soia se puxo o seu nome.
Son resta da esperanza –diferencia quedou—
Multiplicada xa nacín,
Para que dividirme agora?

San, enteira voume indo,
san, enteira vou quedando,
o paso xa me cederon,
inda que o camiño se vira,
vaise virando en duro,
as pegadas ben se ven
vense volcar nas penas,
liman os picos dos montes,
raxan a cume i o mar,
raxan as alturas todas,
raxan a néboa,
raxan o sol,
ráxanse todas nunha,
esta cínquese
vaise cinguindo.
Terra, alma dona!
Pegada que soia
se puxo o seu nome.

IES TERRA DE SONEIRA
VIMIANZO